

## O ADXECTIVO

**Os adxectivos son palabras que expresan calidades ou estados das persoas, dos animais e das cousas.**

**Os adxectivos poden aparecer en distintos graos:**

- **Grao positivo:** expresa simplemente unha calidade sen concretar con que intensidade a posúe o ser ou obxecto que a presenta. Exemplos: Abrigo azul, cadela mansa, compañeiro agradable.
- **Grao comparativo:** relaciona ou compara a intensidade con que dous seres ou obxectos posúen unha calidade. Poden ser:
  - De inferioridade:** Setembro é menos caloroso ca o mes de agosto.
  - De igualdade:** Un boneco tan bo coma un anxo.
  - De superioridade:** Esa lancha é máis rápida ca unha gamela.
- **Grao superlativo:** expresa unha calidade no seu grao máximo. Adoita formarse engadíndolle ao adxectivo o sufixo -ísimo/-ísima ou o adverbio moi. Exemplos: moi listo, listísimo.

**1. Escribe ao lado de cada oración o adxectivo ou adxectivos que atopes en cada unha.**

Pinocho era rico.

Os veciños estaban felices co seu novo veciño.

A estatua era alta.

O neno era valente e non tiña medo daqueles feos monstros.

A min encántanme os ovos fritos.

Aquela rapaza morena é a miña irmá Claudia.

Levámoslle á miña nai as flores azuis que tanto lle gustan.

Xosé pasou a tarde xogando co balón novo.

Daniel é un rapaz medroso.

A praia de Rodas é moi famosa.

## O ADJECTIVO

### 2. Coloca cada adjectivo onde corresponda.

Boísimo - tan fermoso coma - máis grande ca - tan famosa coma -  
menos barato ca - divertida - altísima - tan bo coma - moi doce - fría - vello -  
menos ruidosa que - máis nevada que - máis bonita ca - menos preguiceiro.

| COMP. IGUALDADE | COMP. SUPERIORIDADE | COMP. INFERIORIDADE |
|-----------------|---------------------|---------------------|
|                 |                     |                     |
|                 |                     |                     |
|                 |                     |                     |
| POSITIVO        |                     | SUPERLATIVO         |
|                 |                     |                     |
|                 |                     |                     |
|                 |                     |                     |